

## VII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### Mesa de traballo O SOFTWARE LIBRE: OFERTAS ACTUAIS E NECESIDADES

“Software en galego, mellor libre”  
José Ramón Flores Seijas

#### Introdución

En función da liberdade que a licenza outorga ao usuario o software pode-se clasificar en software propietario, que se distribuí unicamente compilado e a súa vez divide-se en software comercial, shareware<sup>1</sup> e freeware<sup>2</sup>; e software libre, que se distribuí co código fonte.

A pesar de ser o máis estendido existe moi pouco software comercial escrito ou traducido ao galego. Dous son os factores que se citan corriqueiramente para explicar esta escaseza: 1) mercado reducido, a poboación galega non é moi elevada e ademais xa entende e usa o castelán, e 2) a falta de apoio institucional, non ha un estado a apoiar o galego e mesmo as autoridades autonómicas non se esforzan moito. Ademais destes dous, cumpre termos en conta outro dous factores: 1) a falta de competencia, o monopólio de facto no software para computadores de escritorio fai que os mercados pequenos non teñan interese, e 2) as fortes restricións dos dereitos dos compradores de software, que entre outras cousas non lles permite en moitos casos a tradución dos programas.

O pouco software propietario que existe en galego é debido principalmente as traducións de usuarios, agrupados no proxecto *Xis*, que hoxe en día é parte de *Galego21*<sup>3</sup>. Así ten-se

---

<sup>1</sup>software que permite un período de proba antes de o adquirir.

<sup>2</sup>software gratuito.

<sup>3</sup><http://www.galego21.org>

traducido principalmente software freeware e shareware como: O Comunicator (o Xis), o navegador Opera, o Netvampire, o WebCopier, o WinAmp, etc. Contodo este tipo de traducións presenta importantes caréncias como son: só se poden traducir programas menores, non sempre é fácil a tradución (tecnicamente) e ademais os autores poden cambiar de opinión e impedir a tradución das novas versións. En contraste o software libre non só non pon travas a traducións senón que usualmente fornece ferramentas e mecanismos para levar a cabo a tradución, e posterior distribuición das mesmas.

### **Que é o software libre, presentación histórica**

Antes da aparición do computador persoal, o PC, o software representaba unha pequena parte do gasto dun computador e distribuía-se normalmente co código fonte, de maneira que os usuarios podían adaptar os programas as súas necesidades. Mais a partir da aparición do PC, principios dos anos oitenta, xeraliza-se a venda do software unicamente en versión binaria, i.e xa compilado e sen poder acceder a fonte, e impón-se un espírito anti-cooperativo co fin de eliminar a mal chamada pirataría. Como reacción a esta situación xurde a Fundación polo Software Libre<sup>4</sup>, que encabezada polo programador americano Richard Stallman, lanza o proxecto GNU que procura escribir un sistema operativo libre similar ao UNIX.

Segundo a Fundación polo Software Libre o software é libre en canto permite ao usuario<sup>5</sup>:

- ⊗ estudar como funciona un programa e adaptá-lo as súas necesidades,
- ⊗ redistribuir cópias, e compartilas cos seus compañeiros, e
- ⊗ mellorar o programa, e fornecer as súas melloras ao resto da comunidade.

Durante a década dos oitenta o proxecto GNU foi elaborando as pezas fundamentais do seu sistema operativo, mais a principios dos noventa aínda faltaba unha parte fundamental, o núcleo. En 1981 un estudante finlandés, Linus Torvalds decide fabricar-se un núcleo similar ao de Unix, ao que vai chamar Linux, co obxecto de poder-lo executar no seu computador, un

---

<sup>4</sup><http://www.fsf.org/home.pt.html>

<sup>5</sup><http://members.tripod.com.br/ramonflores/GNU/Software-livre.html>

PC. O proxecto GNU está tamén a traballar nun núcleo, o Hurd, do xeito tradicional, mais Linux vai aproveitar un meio en expansión, a Internet, por onde lle chegaría axuda tanto de programadores como de usuarios do produto. O resultado é que o Linux vai ser desenvolvido moito máis rapidamente e vai impor-se. Por outra banda o núcleo do finlandés encaixa perfectamente co software do GNU, xa que foi desenvolvido usando os programas do GNU. Xuntando o Linux coas ferramentas GNU e algun outro software libre como o sistema de xanelas XFree86<sup>6</sup>, xurde un sistema operativo libre, o GNU/Linux<sup>7</sup>.

Se ben nun principio o sistema GNU/Linux foi elaborado por unha comunidade de programadores traballando a título individual e desinteresadamente, aos poucos foron-se unindo empresas a lavoura, e hoxe en día ha moitas colaborando. Empresas que elaboran distribuícións<sup>8</sup>, que patrocinan o desenvolvemento dun proxecto particular ou que ofrecen soporte técnico.

Debido tanto o esforzo da ampla comunidade de programadores voluntarios, como a importante axuda prestada polas empresas, a día de hoxe o sistema GNU/Linux conquistou unha importante porcentaxe do mercado de servidores<sup>9</sup>, e resulta unha alternativa viábel nos computadores de escritorio.

Por último cumpre salientar que se ben o sistema GNU/Linux é o mais popular non é o único sistema operativo libre, e así existen outros como o FreeBSD, o OpenBSD, o NetBSD, e o FreeDos. Ademais existe bastante software libre para os sistemas operativos propietarios MS-Windows e Mac OS.

---

<sup>6</sup><http://www.xfree86.org>

<sup>7</sup><http://members.tripod.com.br/ramonflores/GNU/linux-e-gnu.html>

<sup>8</sup>Unha distribuíción GNU/Linux consta do sistema operativo e un conxunto máis ou menos grande de aplicacións. De maneira que usualmente non é necesario instalar mais software do que ven na distribuíción.

<sup>9</sup>Computadores usados para fornecer servizos de internet, intranet, impresión, bancos de datos, etc.

## Software libre en galego

O modelo de software libre é especialmente atractivo para as línguas minoritarias, entendendo neste caso por línguas minoritarias aquelas que non espertan o interese das grandes empresas de software. A diferenza do software propietario, o software libre non só permite senón que favorece a adaptación dos programas pola comunidade. E dentro das posibles adaptacións está loxicamente a súa tradución. De feito é moi usual que nun proxecto que elabora un programa exista un sub-proxecto específico para favorecer a tradución. En todo caso calquer persoa ou entidade pode traducir un programa e distribuí-lo. Contodo non é a tradución a única adaptación que se lle pode facer a un programa, as veces os usuarios dunha lingua precisan dunha ferramenta específica, e o permiso para implementar esa ferramenta está garantido. Como tamén está garantida a continuidade dos permisos, tanto de tradución como doutras adaptacións. Ademais o software libre é aditivo; cada vez que se crea un novo recurso lingüístico sob unha licenza libre, este recurso está a disposición de todo o mundo, tanto para ser utilizado directamente, como para ser reutilizado noutros programas. Así na Galiza temos tres exemplos de software propietario, os correctores Corrixo<sup>10</sup>, Galgo<sup>11</sup> e 2mil<sup>12</sup>, que mesmo sendo distribuídos gratuitamente non poden ser reutilizados, mentres o dicionario para o Ispell<sup>13</sup>, o Ispell-gl<sup>14</sup>, ao estar sob unha licenza libre pode ser reutilizado por calquer persoa, e de feito xa dou lugar a outros dous dicionarios mais: para o Aspell<sup>15</sup> e para o MySpell<sup>16</sup>.

Loxicamente xa existe software libre traducido ao galego, debido principalmente a dous proxectos. O *Proxecto Trasno*<sup>17</sup>, que naceu da unión do *GPUL*<sup>18</sup>-tradución, adicada a

---

<sup>10</sup><http://www.xunta.es/conselle/ceoug/corrixo/>

<sup>11</sup><http://www.imaxin.com/galgo/>

<sup>12</sup><http://www.imaxin.com/2mil/index.htm>

<sup>13</sup><http://fmg-www.cs.ucla.edu/fmg-members/geoff/ispell.html>

<sup>14</sup><http://ispell-gl.sourceforge.net/>

<sup>15</sup><http://aspell.sourceforge.net/>

<sup>16</sup><http://lingucomponent.openoffice.org/>

<sup>17</sup><http://www.trasno.net>

<sup>18</sup>Grupo de programadores e usuarios de Linux (<http://www.gpul.org/>)

tradución de programas de GNU/Linux, e o *GzLinux*, grupo de tradución de documentación de GNU/Linux. Hoxe en día é o punto de encontro das persoas interesadas en traducir programas e documentación de GNU/Linux ao galego, existindo varios sub-proxectos: GNU, GNOME<sup>19</sup> e KDE<sup>20</sup>, e tradutores que se encargan dun ou mais programas individualmente: Abiword<sup>21</sup>, Mozilla<sup>22</sup>, Xfce<sup>23</sup>, etc. O outro proxecto é *Mil Primaveras Mais*<sup>24</sup>, unha excisión de *Galego21* que ademais doutros proxectos, que non son de tradución de software, están traducindo<sup>25</sup> a suite OpenOffice<sup>26</sup>.

Porén sería enganoso pintar unha situación idílica. Existe bastante software libre traducido ao galego, mais tamén existen moitas lagoas. No mundo do software libre son usuais ciclos de actualizacións moi curtos, co cal é difícil para o tradutor seguir o ritmo e a miúdo as traducións non están ao día. Ademais non todos os programas teñen un bon modelo de tradución e posterior distribuíción do software traducido, por exemplo o Mozilla e o OpenOffice. Por último a tradución da documentación é unha tarefa traballosa e pouco aparente, polo que existe moi pouca documentación traducida.

A hora de valorar a tarefa feita cumpre termos en conta que o número de usuarios galegos de software libre é polo momento moi reducido, e todo o traballo foi e segue a ser feito por voluntarios. Mais isto non ten porque ser sempre así.

A nivel mundial un dos entornos onde mais amplamente se está a espallar o software libre é nas institucións públicas, administracións, universidades, etc. xa que presenta varias características moi valoradas neses ambientes: seguridade e control do produto, uso de formatos abertos e portanto mais perdurábeis, e prezo moi competitivo.

---

<sup>19</sup><http://www.gnome.org>

<sup>20</sup><http://www.kde.org>

<sup>21</sup><http://www.abiword.com>

<sup>22</sup><http://www.mozilla.org>

<sup>23</sup><http://www.xfce.org>

<sup>24</sup><http://www.milprimaverasmais.org>

<sup>25</sup><http://www.milprimaverasmais.org/oo/>

<sup>26</sup><http://www.openoffice.org>



A estas vantaxes xerais no caso galego poden se engadir as lingüísticas xa vistas. As institucións públicas galegas son grandes consumidoras de software, e se usasen software libre, ademais de aforrar, poderían traducilo e adaptá-lo as súas necesidades, e asemade ofrecé-lo á sociedade axudando a normalización do galego. Loxicamente tamén as institucións privadas interesadas pola nosa cultura poden contribuir, e así patrocinar, ou mesmo promover, un proxecto de tradución pode ser unha boa forma de publicidade.